



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO INTECMAR DO 19 DE DECEMBRO DE 2013 POLA QUE SE RESOLVE A CONTRATACIÓN, NA MODALIDADE DE REALIZACIÓN DUN PROXECTO ESPECÍFICO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA, DUN TITULADO/A SUPERIOR ENXEÑEIRO/A DE TELECOMUNICACIÓN (GRUPO I) E DUN/DUNHA TITULADO/A SUPERIOR BIÓLOGO/A (GRUPO I, CATEGORÍA 10) PARA A CONTRATACIÓN VINCULADA AO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN “TECNOLOXÍA MARÍTIMA E DE INFORMACIÓN”, CÓDIGO 0688 RAIA_TEC_1_P, CONVOCADA POLA RESOLUCIÓN DESTA DIRECCIÓN DE DATA DO 8 DE NOVEMBRO DE 2013

Segundo o disposto na base 5.1 da convocatoria aprobada por Resolución desta Dirección de data de 8 de Novembro de 2013¹ e de conformidade coa proposta formulada polo Tribunal de Selección constituído ao efecto, de data 13 de Decembro de 2013

DISPOÑO

Resolver a convocatoria para a contratación, na modalidade de realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica dun/dunha titulado/a superior enxeñeiro/a de telecomunicación (Grupo I) e dun/dunha titulado/a superior biólogo/a (Grupo I, Categoría 10), nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Aprobar e ordenar a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina Web do INTECMAR, da relación definitiva de aspirantes, con indicación da puntuación definitiva obtida por méritos valorables.

SEGUNDO. Proceder a adxudicación das prazas con carácter temporal, na modalidade de realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica, a favor de **Begoña Vila Taboada con D.N.I. 36.113.432M** como Titulado/a superior enxeñeiro/a de telecomunicación e **Silvia Allen-Perkins Cáceres con D.N.I. 76.995.061 P** como Titulado/a superior biólogo/a, por ser as persoas con maior puntuación do listado de puntuacións definitivas segundo o número de prazas convocadas.

En caso de non ser posible dita contratación, o posto será cuberto segundo a base 5.3 da convocatoria.

As bases desta convocatoria e cantos actos de trámite se deriven dela, co carácter de definitivos ou de trámite cualificados, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vilaxoán, 16 de decembro de 2013

A directora do Intecmar

M^a Covadonga Salgado Blanco

